

Museo  
Provincial  
de Lugo

VERÁN 2011

2011: Ano Asorey, en commemoración do 50 aniversario do falecemento de Francisco Asorey ( detalles de "Ofrenda a San Ramón" e "San Francisco").

Segundo un estudo publicado hai pouco no *Journal of Epidemiology and Community Health*, os que visitan museos, así como os que participan regularmente de calquera tipo de actividade cultural, gozan dunha mellor saúde e dunha vida máis satisfactoria.

Desde o MPLugo queremos contribuir á mellora do estado de saúde de todos e todas os que nos visitan, a reducir á mínima expresión calquera risco de ansiedade ou depresión, ideando e programando actividades que poidan resultar de interese xeral. Como cada verán elaboraremos un programa con contidos moi variados (obradoiros, conferencias, recitais, exposicións, visitas guiadas, concertos...), co que tratamos de atraer a pequenos e maiores a coñecer os seus fondos e a participaren nos actos e obradoiros que propoñemos, sempre co ánimo de estimular a creatividade e a curiosidade. Ademais, por se os efectos que se perseguen visen reducida a súa positiva eficacia na nosa saúde, tamén decidimos que todas as actividades fosen gratuitas.

Así, con este amplio programa que ofertamos para o verán 2011 agardamos contribuir ao seu lecer, e de paso, a que cada vez que se acheguen a este ou a outros museos poidan percibir esa sensación de satisfacción coa vida, que se incrementa cando se visita un museo ou se participa das actividades culturais en xeral.

## OBRADOIROS

### CÓMO O PINTARÍAS TI?

**Mestres-titores:** Lucila Yáñez e Rafael Lens, Departamento de Belas Artes do MPLugo.

**Obxectivos:** No obradoiro combinaranse os coñecementos prácticos sobre o debuxo e a pintura coa divulgación do patrimonio histórico-artístico. Igualmente falaremos sobre o que é un BIC e da singularidade do convento de San Francisco de maneira distendida e lúdica.

**Datas /quendas**

1º grupo: 5, 6 e 7 de xullo (de 5 a 8 anos)

2º grupo: 12, 13 e 14 de xullo (de 9 a 12 anos)

3º grupo: 2, 3 e 4 de agosto (de 5 a 8 anos)

4º grupo: 9, 10 e 11 de agosto (de 9 a 12 anos)

**Participantes:** nenos/as de 5 a 12 anos.

**Horario:** de 12:00 a 14:00 horas.

**Praza:** 12 prazas por grupo.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

### VOLUMES, FIGURAS, FORMAS

**Mestre:** J. Manuel Mendoza, Departamento de Didáctica do MPLugo

**Obxectivos:** Achezámonos e investigamos sobre esta forma de expresión artística para coñecer os materiais, ás épocas e os temas representados en tres dimensións.

**Datas :** 19, 20 e 21 de xullo

**Participantes:** nenos/as de 8 a 12 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00 horas.

**Praza:** 15 prazas.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

### UNHA DE CASTREXOS E ROMANOS

**Mestra:** Raquel Guerrero Prieto, Departamento de Didáctica do MPLugo.

**Obxectivos:** Achearemos os rapaces aos modos de vida das sociedades castrexa e romana, a través de diferentes obxectos dos nosos devanceiros, relacionados coa vida cotiá, que reconstruiremos.

**Datas :** 26, 27 e 28 de xullo

**Participantes:** nenos/as de 8 a 12 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00 horas.

**Praza:** 15 prazas.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

### INICIACIÓN AO GRAVADO

**Mestra:** Lucía Dequidt Lagares, Departamento de Didáctica do MPLugo.

**Obxectivos:** Coñeceremos as principais técnicas de gravado a través da teoría e a práctica, usaremos ferramentas como burís e pranchas, tinguiremos e estamparemos. Cada participante levará a obra realizada por el.

**Datas:** 16, 17, 18 e 19 de agosto

**Participantes:** nenos/as de 9 a 15 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00 horas.

**Praza:** 15 prazas.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

### CERÁMICA NA HISTORIA

**Mestra:** Paula Salinas Somoza, Departamento de Didáctica do MPLugo, e Rafael Lens, Departamento de Belas Artes do MPLugo.

**Obxectivos:** Dar a coñecer a historia da cerámica dende a prehistoria a través das pezas do museo. A evolución das técnicas de realización, así como a das formas en relación aos usos e costumes nun percorrido histórico. Neste primeiro obradoiro traballaremos tomando como referencia as técnicas e modelos cerámicos da prehistoria (ex.: cerámica campaniforme)

**Datas:** 22, 23 e 24 de agosto.

**Participantes:** nenos/as de 9 a 11 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00 horas.

**Praza:** 12 prazas.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

**Observacións:** No obradoiro traballaremos con arxila, polo que se recomenda que os rapaces acudan con bata, roupa vella ou mandilón.

### LUCES E SOMBRA: XOGANDO COA FOTOGRAFÍA

**Mestre:** Germán Limeres.

**Obxectivos:** Usando como pretexto a exposición "Instantes na memoria. Fotografías de Salvador Castro Freire", viaxaremos aos inicios da fotografía para o que construiremos unha cámara estenopeica (un contenedor hermético opaco cunha pequena abertura e un soporte fotosensible) e probaremos o seu funcionamento.

**Datas:** 29, 30 e 31 de agosto.

**Participantes:** nenos/as de 10 a 14 anos.

**Horario:** de 11:30 a 13:00 horas.

**Praza:** 15 prazas.

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo.

### CONFERENCIA-CONCERTO

*Historias de Lugo arredor da música*, conferencia-concerto a cargo de Adolfo de Abel Vilela e "Cantar Delas". No claustro conventual, mércores, 29 de xuño, ás 20:00 h.

### REVISTA ORAL: PAZO DAS MUSAS

**nº 26, 30 de xuño, ás 20:00 horas**

Número dedicado a homenaxear a **Álvaro Cunqueiro** no centenario do seu nacemento. Intervirán: Pilocha, Darío Xohán Cabana, Ana Carreira, Abraham Cupeiro, María Ruíz, Vadzim Yuchknevich, Isidro Novo, Carlos Vázquez, Rubén Pérez e Fernando Arribas.

## EXPOSICIONES

**Secuencia 2. Desprazamento en tempo.** Vídeo arte de Xoán Anleo na Sala de Exposiciones temporais do MPLugo (xuño e xullo de 2011)

**A plástica provincial romana no Museo Provincial de Lugo.** Sala de Mosaicos do MPLugo (do 28 de xuño ao 15 de setembro de 2011).

**Das cousas de Xoán Balboa.** Sala do Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo) (do 9 de xuño ao 31 de xullo de 2011). Mostra-homenaxe a este artista e traballador do MPLugo, recentemente falecido.

**Instantes na memoria. Fotografías de Salvador Castro Freire.** Sala de Exposiciones do Museo Provincial de Lugo (de xullo a setembro de 2011).

**Alexandre Bóveda: da vida e o compromiso (1903-1936).** Refectorio do Museo Provincial de Lugo (do 1 ao 31 de xullo de 2011).

-Recital poético de Carme Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Darío Xohán Cabana, Marica Campo, e Isidro Novo. Venres, 1 de xulloás 19:30 horas.  
-Conferencia: *Alexandre Bóveda e o nacionalismo galego no primeiro terzo do s. XX*, por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel. Mércores, 13 de xullo de 2011, ás 19.30 h.  
-Proxección documentario: *As silenciadas* (66'). Mércores, 20 de xullo de 2011, ás 19.30 h.

**Diálogos.** Jorge Perianes

## EXPOSICIÓN EN ITINERANCIA

**A Muralla no Museo / The wall-A Muralla (Peter Schneider).** Paneis informativos con imaxes dos restos arqueolóxicos procedentes da Muralla ou da súa contorna e que se conservan no MPLugo, así como 8 fotografías da autoría de Peter Schneider: unha visión da Muralla "viva" e humanizada. Este verán percorrerá os concellos de Alfoz (xuño), A Fonsagrada (xullo), Taboada (agosto), A Pontenova (setembro) e Burela (outubro).

**Documentos con memoria.** Mostra bibliográfica, fotográfica e documental sobre o convento de San Francisco de Lugo (hoxe sede do Museo Provincial), con motivo de celebrarmos o 80º aniversario da súa declaración como BIC. Neste verán estará no Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos), no Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo) e no Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol)

## VISITAS GUIADAS GRATUITAS

O MPLugo oferta unha serie de visitas para grupos, compostos por un mínimo de 10 integrantes, de luns a venres, polas mañás.

É imprescindible a concertación previa no Departamento de Didáctica: tfno.: 982 242300 / 982 242112.

Todas as visitas teñen unha duración aproximada de entre 30 e 45 minutos. Escolla o tipo de visita axeitado ao seu grupo:

**Coñézanos.**- Visita breve de introdución ás partes históricas do edificio e ás principais coleccións que se expoñen no MPL. (Pregunte sobre a posibilidade de concertar esta visita en alemán e italiano)

**Sección de Prehistoria e Arqueoloxía.**- Visitamos as principais salas e coleccións de fondos arqueolóxicos, desde o Paleolítico ata a romanización;

**Toda Roma no MPLugo.**- Visita ás coleccións de obxectos (mosaicos, epígrafes, cerámica...) da época romana.

**Arte galega no MPLugo.**- Visita ás salas con obra de referencia da plástica galega dos ss. XIX e XX: pintura, escultura, debuxo e gravado.

**Instantes na memoria. Fotografías de Salvador Castro Freire.**- Visita a esta exposición temporal composta por fotografías do patrimonio artístico de Lugo de finais do século XIX e primeiros anos do XX.

E ademais, e sen necesidade de concertación previa, ofertamos unha visita para grupos que reúnan un mínimo de 3 integrantes. Todos os sábados de xullo, agosto e setembro, ás 12:00 horas.

**Visita ao convento de San Francisco.**- Visitamos as dependencias do edificio que perteneceron ao antigo convento de San Francisco, no 80º da declaración como BIC deste edificio. (Pregunte sobre a posibilidade de concertar esta visita en alemán e italiano).

## CONCURSO

### O xardín das ideas / El jardín de las ideas / Garden Ideas

Segundo se publica no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), nº 106, de 11 de maio de 2011, a Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e o MPLugo convocan a primeira edición deste concurso co obxectivo de premiar propostas profesionais que acheguen proxectos, ideas, para a intervención paisaxística no claustro do primitivo convento de San Francisco, hoxe parte do edificio que ocupa o MPLugo. As persoas ou equipos que desexen participar no concurso deben atender o especificado nas bases e optarán a un diploma e a un premio en metálico de 3000 euros, así como a tres mencións especiais. O prazo para a presentación de propostas a concurso remata o **15 de outubro de 2011**.

Consulte as BASES e a DOCUMENTACIÓN ANEXA en galego, castelán e inglés na nosa web: <http://www.museolugo.org>

## NOTA IMPORTANTE

A inscrición para as actividades que a requieren é gratuita e poderá formalizarse a partir da data de publicación desta convocatoria no Departamento de Didáctica do MPLugo.

O prazo rematará cando se cubran, por rigorosa orde de inscrición, as prazas convocadas.

No caso de non se reuniren as inscricóns suficientes para realizar alguma actividade (ou por causas de forza maior) poderá suspenderse algún dos obradoiros, circunstancia que se lle comunicará oportunamente ás persoas directamente afectadas.

No suposto que alguén decida non asistir a algún dos obradoiros nos que estea inscrito, prégaselle que lle comunique ao Museo esa incidencia para posibilitar o acceso das persoas inscritas en reserva.

## Horario de visitas

### Xullo e agosto

Luns a venres: 11 a 14 e 17 a 20 h.

Sábados: 10 a 14 h.

Domingos e festivos, pechado.

### Dende setembro a xuño

Luns a venres: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20:30 h.

Sábados: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20 h.

Domingos e festivos: 11 a 14 h.

### Pechado os días:

1 e 6 de xaneiro (Aninovo), martes de Entroido, 22 de maio (Santa Rita), e 24, 25 e 31 de decembro.

## Entrada gratuita

Museo Provincial de Lugo


Praza da Soidade s/n

27001 Lugo

Tfno.: 982 242 112 / Fax: 982 240 240

[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)

[www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)



**Museo Provincial de Lugo**  
Praza da Soidade, s/n  
27001 Lugo  
[www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)  
[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)  
982 24 21 12



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

